

Comezan as obras do novo Mercado Municipal no edificio de Aceros

Páxina 3

O despacho de Reveriano Soutullo no Museo de Ponteareas

Páxina 4

O BNG lembra a Xosé Represas

Páxina 10

Multideporte e Escola de Verán en Covelo

Páxina 11

Verán cultural e Festa do Xamón da Cañiza

Páxina 9

O balonmán feminino porriñés, subcampeón de Europa

Páxina 13

Salceda amplía a súa rede de saneamento

Páxina 15

Mondariz Balneario pide recuperar a fonte de Troncoso

Páxina 16



O Corpus máis inclusivo e internacional

Páxinas 6, 7 e 8

A Rúa Real xa é estrada de titularidade municipal, de Os Remedios ao Barral

Páxina 3



Tecnología pensada para ti

Del 10 de mayo al 30 de junio
En primavera
pikolin
¡A mitad de precio!

Tenemos lo que necesitas porque pensamos en ti

BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4
PONTEAREAS

Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

Los Nº 1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Mafia ou democracia, de verdade?


Nestes momentos temos aberto un panel de temas actuais, cada quen mais descalificadores, que realmente non sabería por cal deles comenzar ou con cales quedarme. Por esta razón de dúbida vou aproveitar o guión dun artigo xornalístico de elDiario.es porque resume acertadamente o momento que estamos vivindo. Será resumido, loxicamente, pero en esencia seguirei o guión escrito.

O pasado domingo a palabra mafia dominou o espazo público. Non como parte dunha investigación xudicial nin en referencia a unha organización criminal real senón como lema político: “MAFIA OU DEMOCRACIA”. Foi a consigna utilizada polo PP para mobilizar aos seus siareiros.

Como a linguaxe non é neutra cando se recorre a unha palabra tan cargada de simbolismo o que se busca non é soamente comunicar, senón provocar, mobilizar.

A psicoloxía política coñecida indicanos que as palabras non só describen o mundo: o estruturan. As metáforas políticas definen a nosa maneira de pensar e os marcos dicotómicos (como “liberdade ou comunismo”, “mafia ou democracia”) ofrecen claridade moral en contextos de incertidume.

Diante destas estruturas binarias activan un sistema rápido, emocional e intuitivo. En lugar de razoar en profundidade, o cidadán responde con afecto. Identificación ou rexeitamento



inmediato. Elimínase a distancia entre a mensaxe e a acción.

Este tipo de linguaxe ofrece certezas en tempos de ambigüidade. Por iso resulta tan atractivo.

Sen embargo o abuso destes marcos pode ter efectos secundarios perniciosos. Un deles é o que poderíamos chamar “fatiga emocional do cidadán”. Cando todo é escándalo xa nada escandaliza; cando cada día espertamos cun novo escándalo institucional sube o nivel de atención pero baixa a sensibilidade. Cando se repiten de maneira constante

as mensaxes de alarma xenérase desensibilización. A psicoloxía denomínoa “habitación emocional”: a resposta a un estímulo negativo decrece cando se presenta repetidamente sen consecuencias visibles. “Váíase Sr. González”; “váíase Sr. Sánchez”, rematan cansando aos cidadáns que tenden a desconectarse e buscar refuxio noutros discursos máis autoritarios. A consecuencia non é só apatía: é desafección.

Cando un partido opta por usar “mafia” como concepto central de comunicación non está facendo unha

acusación xurídica, senón unha operación simbólica. Tenta resignificar o termo para caracterizar ao adversario político como ilexítimo, corrupto, antidemocrático.

Esta táctica tense analizado en estudos sobre a “deslexitimación do adversario” en campañas electorais onde se demostra que a substitución do debate político por marcos morais extremos reforza a polarización afectiva e reduce a deliberación.

A linguaxe non describe: etiqueta. Unha vez que todo é mafia, qué palabra nos queda para describir un comportamento realmente mafioso?

O efecto final desta estratexia é paradoxico: ao aumentar a intensidade da mensaxe redúcese a súa eficacia. É o que Neil Postman chama “amusing ourselves to death” (“divertirse ata morrer”): unha era onde o exceso de estímulos converte o importante en entretemento e o urxente en rutina.

No eido da comunicación política isto tradúcese en saturación. Os cidadáns xa non distinguen entre alarma real e esaxeración retórica. Igual que nas series que esgotan cada xiro dramático no seu primeiro capítulo, todo parece excepcional...ata que deixan de importar.

O slogan “mafia ou democracia” non é só unha consigna. É un síntoma. Fala dun clima político onde as emocións substituíron ao argumento; onde a palabra se converte máis en arma que en ferramenta.

AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277

arealmadeiras@gmail.com

arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

O Tunel

apas

Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

Nattex

Ponteareas

NATTEx PONTEAREAS

Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 baixo. 36860 Ponteareas

T. 986 175 033. M. 618 613 013

nattexponteareas@gmail.com

www.nattex.com

PONTEAREAS

A Rúa Real xa é estrada de titularidade municipal, de Os Remedios ao Barral

Día histórico en Ponteareas coa firma da cesión do tramo da N-120 que vai dende a capela dos Remedios ata o restaurante “O Forno de Leña”. Esta vía pasa a formar parte da rede urbana municipal e permitirá a recuperación e revitalización da coñecida como “rúa Real” ou a execución de proxectos de seguridade viaria, así como proxectos de mellora de mobilidade e ordenación do tráfico que beneficiarán aos estudantes do IES Barral, garantindo un entorno máis seguro e accesible.

A nova titularidade permitirá tamén axilizar trámites como a licenza para o novo supermercado



Gadis, ou o enlace co novo centro de saúde, así como os permisos para a rehabilitación de vivendas ao pé da estrada.

Este tramo de 3,9 quilómetros que transcorre polo centro urbano foi durante anos unha barreira

para a mellora urbanística da vila e un continuo perigo para o tránsito das persoas, que debían convivir cos coches nun espazo no que o Concello non podía actuar en materia de seguridade viaria.

Comezan as obras do novo Mercado Municipal

A concelleira de Urbanismo, Silvia Fdez. Táboas, e o concelleiro de Comercio, Ricardo González mantiveron un encontro coa empresa contratista Prace Servicios y Obras S.A; o director de obra, Óscar Alba e o director de execución e coordinador de seguridade e saúde, Iván López, ante o comezo das obras que transformarán a nave Aceros del Tea no novo mercado municipal.



O deseño interior da nova Praza de Abastos de Ponteareas na Nave Aceros do Tea, de Ola Esudio, responde á necesidade de modernizar e potenciar o mercado municipal, dotándoo de mellores condicións de accesibilidade, funcionalidade e atractivo comercial. A obra conta cunha achega da Xunta de 800.000€, IVE incluído.

Recuperación dos Xardíns da Xiralda

Coa participación do alumnado do obradoiro de emprego de carpintería e xardinaría, o Concello deu comezo ás obras de recuperación do valor botánico nos Xardíns da Xiralda, dirixidas por Pedro Calaza, decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia e presidente da Asociación Española de Parques y Jardines Públicos.



Segundo a concelleira de Medio Ambiente, Silvia Fernández Táboas, as obras contemplan unha mellora das agrupacións

vexetais, o saneamento da flora, a mellora do medio edáfico, a configuración de espazos e o aumento da biodiversidade.

Máis de 500 mozos e mozas en Talento Xove



A segunda edición do curso Talento Xove reuniu na Nave de Aceros del Tea, no aparcamento Sarmiento Rivera e na residencia Artisteia a máis de 500 mozas e mozos e

nenas e nenos inscritos nas distintas disciplinas como cociña, danza, DJ's, banda deseñada, deseño de xoias, fotografía, novela, poesía e debuxo.

**TRIFOLIUM INGENIEROS**

Luis Gelpi Álvarez
INGENIERO AGRÓNOMO
Colg. G834

Alcalde Daniel Ojea, 10 bj
PONTEAREAS
☎ 653 047 430 / 886 216 505 ✉ lgttrifolium@gmail.com

**mariquita mimosas**

Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS
mariquitamimosas@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

papelón con LIMÓN
BRUNCH & BAR

BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Ponteareas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es
☎ 623 530 294

PINTURAS BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO





Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

**CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS**

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvponteareas.es

☎ 886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O despacho de Reveriano Soutullo xa está no Museo

O Concello recibiu unha doazón histórica cando Reveriano Soutullo Burcet, neto do mestre Reveriano Soutullo, doou ao Concello o escritorio de madeira no que pasou longas horas o recoñecido compositor ponteareán. A doazón foi acompañada da presentación do libro "Reveriano Soutullo. Vivir entre corcheas", de Rosa Arija Soutullo escrito pola súa neta María Rosa Arija dentro da colección "Creadores Ponteareáns".

O Museo de Ponteareas acolleu tamén os paneis do petróglifo de



Chan de Gándara, as fotografías do Castro de Troña, o panel do castro da Croa en Ribadetea, novos espazos como "Ponteareas berce de ciclistas" e o das alfombras de flores de Corpus.

O Corpus confirma a súa internacionalización

O Concello de Ponteareas presentou na Casa de Galicia en Madrid as festas do Corpus Christi 2025, entregando ante os embaixadores de Bélxica, Italia, Malta, ao secretario primeiro da embaixada de Polonia e á representante do Instituto de Cultura de Polonia un diploma como símbolo da unión creada a través da arte efémera das alfombras. Debe destacarse que a declaración BIC do Corpus por parte do Consello da Xunta fortalece a súa candidatura como patrimonio inmaterial por parte da UNESCO.



BNG esixe saneamento no rural



Durante unha visita a Ribadetea, a concelleira Cristina Fernández reclamou ao goberno local e á Xunta que priorice as actuacións de saneamento no rural, toda vez que as recentes obras de ampliación da depuradora permitirán a realización de novas

conexións. Tamén esixiu o compromiso co financiamento necesario e avanzar na licitación da segunda fase, en base ao proxecto técnico redactado en 2023, cando o BNG lideraba o goberno local, e cumprir coas dúas fases estipuladas no proxecto.

Visita da RAG despois de aceptar o termo "alfombreiro/a"

Acompañado pola deputada e líder do BNG de Ponteareas, Cristina Fernández Davila, o coordinador do Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega, Manuel González González, mantivo un encontro con alfombeiras e alfombreiros de Ponteareas, despois de que a RAG aceptase a incorporación do termo "alfombreiro, -a" no seu Dicionario.



**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**CENTRAL
AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.**
Agro - Jardín - Ferretería
comercialareas@hotmail.com
986 66 11 91 - 629 52 24 18
Areas Picoto 36861 - Ponteareas

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA
Pasión por la Bellera
Síguenos
C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

LOVECARS®
www.lovecars.es

**A CASA
da TRIGA**
RESTAURANTE
Abrimos todos os días
de 12 a 23:59h
Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS
Non pechamos
cocina
PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS
y AUTOCARAVANAS
667 40 19 07
www.pontecamper.com

PONTEAREAS

II Concurso “Balcóns Floridos”

O Concello de Ponteareas abre o prazo para inscribirse na segunda edición do concurso “Balcóns Floridos” que potenciará a arte efémera floral aos balcóns. Para poder participar tan só haberá que ter unha xanela ou balcón aberto á rúa e inscribirse dende o 1 de xuño ata o 13 de xuño no rexistro do Concello ou na sede electrónica. A valoración dos balcóns participantes desenvolverase na semana previa á festividade do Corpus, entre os días 16 e 19 xuño. O Xurado fará público o resultado do concurso a partir do 20 de xuño.



Entrega de premios da pasada edición.

Con esta iniciativa o Concello promove a participación e a implicación da cidadanía, e fortalece o seu vínculo coa contorna urbana. Entre os criterios de valoración que establecen as bases están a orixinalidade, o deseño e composición florística, as achegas ambientais, a sustentabilidade, o cromatismo e a durabilidade.

Mesa Local de seguridade para o Corpus

O Concello activará o Plan de Autoprotección a través da Mesa Local de seguridade do Corpus Christi 2025, presidida pola alcaldesa Nava Castro e polo subdelegado do goberno en Pontevedra, Abel Losada, e na que tamén participan o tenente de alcaldesa Juan Carlos Glez. Carrera, a Garda Civil, a Policía Nacional, a Policía Autonómica, AXEGA 112 e a Policía Local.

O plan establece o marco de seguridade necesario ante a previsión de asistencia á festa de 50.000 persoas, con especial énfase nos vehículos de emerxencia



externo, as vías de evacuación cara a A-52 e cara a N-120 e tamén en helicóptero dende o colexio As Veigas. O Posto de Mando estará na rúa Vidales Tomé en contacto permanente co servizo de emerxencias 112 de Galicia. O Plan de Tráfico deseñado pola Policía Local establece que os días 21 e 22 de xuño estará prohibida a circulación de vehículos no entorno das rúas afectadas.

Artistea no Corpus

A terceira edición da Residencia de Artistas Artistea renderá homenaxe á celebración do Corpus. Sete artistas chegados de distintos puntos de Galicia, de Bilbao e de Ponteareas traballarán durante 14 días

para ofrecer unha nova perspectiva das celebracións do Corpus Christi. Esta edición tamén contará con dúas masterclass, unha da do pintor e profesor da Escola de Belas Artes de Granada, José Freijanes, e outra da artista visual, performer e actriz, María Rojas. Entre as novidades destaca o premio de 500€ para as persoas seleccionadas e unha bolsa por desprazamentos que vai dende os 30€ aos 150€.



A historia de Ponteareas a través dun escape room



Uns 250 alumnos dos centros educativos do Concello coñeceron a historia da vila no escape room “O Misterio de María Agustina Sar-

miento descubrindo personaxes e fitos históricos agochados nas salas e pasillos do Castelo do Sobroso.

A fragancia do Corpus



O Concello de Ponteareas encargou a David Gigirey, un dos perfumistas máis recoñecidos de España, a creación dun perfume cos aromas das alfombras florais do Corpus Christi. Gigirey visitará os portais alfombristas para coñecer de primeira man os aromas desta arte efémera das alfombras florais e as súas fragancias como a árnica, o fiúncho, as cocas ou as flores para poder deseñar o seu perfume.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Un Corpus inclusivo e internacional

A edición 2025 do Corpus Christi aposta pola inclusión e a internacionalización. A programación, que durará ata o 5 de xuño, confirma esta vocación tomando en conta que a persoa encargada de ler o pregón o 15 de xuño no balcón do Con-

cello será o ciclista ponteareán Borja Gómez, un novel deportista portador do síndrome de Down. Así mesmo, tódalas asociacións culturais e sociais de Ponteareas estarán presentes a través de diversas actividades.

Tras ser presentada a súa programación

o 4 de xuño na Casa de Galicia en Madrid ante os embaixadores de Xapón, Bélxica, Italia e Malta así como dunha representación do Instituto de Cultura de Polonia, a candidatura do Corpus como Patrimonio Inmaterial da UNESCO avanza a paso firme. E isto reflicte o crecente interese

internacional polo Corpus de Ponteareas: durante a súa celebración estarán presentes o embaixador de Malta en España; delegacións de Monção, Melgaço, Viana do Castelo, Arcos de Valdevez e Caminha e da asociación británica Worshipful Company of Gardeners.



Alfombristas do portal de Carrera, rúa Constitución 1.



Alfombristas da Praza Bugallal.



Portal Alfombristas Elduayen La Giralda.



Alfombristas da rúa Oriente.



Alfombristas do portal de Reveriano Soutullo.



Gaiteiros animando os portais.

Servizos técnicos forestais
e obra do rural

Xirela

Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Finca
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

CONDADO/ PARADANTA

PONTEAREAS



Alfombristas da rúa Oriente



Portal da Praza Maior confeccionando unha alfombra de máis de 300 metros.



Portal Alfombristas rúa Ferreiros San Roque.



Alfombristas do portal do Arco da Vella, ao lado do Mercado Municipal.



Alfombristas do Cantón de Boavista, na rúa Fernández Vega.



Portal Alfombrista Reveriano Soutullo “A Castiñeira”.

ATLANTICOLOR

FERRETERÍA

Telf: 986 669 955

C/ Sauce, 7 - PONTEAREAS

PERMITIDO ACCESO DE VEHÍCULOS

ZONA CARGA E DESCARGA max. 15 Minutos

SEVERO

VINOS

COMIDAS

desde 1956

Morales Hidalgo Nº 3 PONTEAREAS

986 64 01 43 - 645 862 380

JJ Copas

Cafetería

Terraza - Xardín

Discoteca

Concertos

Avda. Galicia

Ponteareas

Bicimecánica

Toñi Porto

Horario: 10:00h a 13:30h - 16:00h a 20:00h

Rúa Esperanza, 10 - PONTEAREAS

Telf. 986 18 24 65 - trporto@hotmail.com

Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675

fiosanconstruccion@gmail.com

CORPUS CHRISTI 22

XUÑO 2025

- VENRES 30 de MAIO** 20:30 h. Apertura dos portais alfombristas. Actuación dunha sección da Banda de Música Reveriano Soutullo. Praza de Bugallal. Exposición fotográfica "Corpus Christi, a paixón dun pobo". Locais comerciais
- XOVES 5** 19:00 h. Actividade infantil "Son animal". Inscripcións bibliotecamuseo@ponteareas.gal. 986660765
- SÁBADO 7** 10:30 h. Conferencia "Pasado ancestral das alfombras florais. Conciencia e compromiso, de Galicia á Unesco" de Ana Filgueira Rei. Artisteo
- MÉRCORES 11** 18:00 h. Contacontos "O traxe novo do rei" de Tarabelos Teatro. (Apego). Sala Multiúsas Auditorio Reveriano Soutullo. Inscripción: 986 640 000, ext. 1010
20:00 h. Actuación do grupo de gaitas Algazara. Polos portais alfombristas
- XOVES 12** 20:00 h. Actuación do grupo de gaitas Sadeo. Polos portais alfombristas
- VENRES 13** 20:00 h. Actuación do grupo de gaitas Pedra da Garza. Polos portais alfombristas
20:30 h. Presentación da revista Pregón coa actuación musical dun dúo de cordas do CMUS. Reveriano Soutullo. Salón de Plenos
22:30 h. Inauguración do Videomapping do Corpus. Fachada da casa do concello
- DO 13 AO 21** **VIDEOMAPPING DE CORPUS.** Horarios 22:30 h. 23:30 h. e 00:00 h. Sábado 22, de 22:30 h. a 06:00 h. Fachada do Concello
- SÁBADO 14** 22:00 h. Actuación de Budiño. Praza de Bugallal
- DOMINGO 15** 12:00 h. Inauguración da exposición "Corpus en Flor". Auditorio Reveriano Soutullo
12:30 h. Lectura do Pregón a cargo de Borja Gómez Méndez e actuación musical Xeración M. Casa do Concello
- LUNS 16** 20:00 h. Actuación das pandeireiteiras As Fiuncheiras. Polos portais alfombristas
- MARTES 17** 20:00 h. Actuación do Grupo Folclórico de CCAD Areas. Polos portais alfombristas
- MÉRCORES 18** 20:00 h. Actuación do Grupo Nalama Gaitas. Polos portais alfombristas
- XOVES 19** 17:30 h. Visita guiada "O corpus orixe e tradición". Saída do Concello. Prazas limitadas (P.E. Compromiso Xuvenil)
20:00 h. Actuación do Grupo de gaitas Os Muíños de Oliveira. Polos portais alfombristas
- VENRES 20** 11:00 h. Inauguración decoración colgante "Corpus inclusivo". Praza maior
17:30 h. Visita guiada "O corpus orixe e tradición". Saída do Concello. Prazas limitadas (P.E. Compromiso Xuvenil)
17:30 h. "Xoga en corpus". Praza da Música. (E.P. Compromiso Xuvenil)
20:00 h. Actuación do Grupo Folclórico de Padróns. Polos portais alfombristas
21:00 h. Actuación da charanga Noroeste. Diversas rúas
- SÁBADO 21** 18:00 h. Inicio da confección das alfombras florais
20:00 h. Recepción de autoridades e percorrido polos portais alfombristas. Salón de Plenos
22:00 h. Animacións de rúa a cargo de Mistura Vocal, Senfol gaitas
- DOMINGO 22** 10:30 h. Recepción de autoridades. Casa do Concello
11:30 h. Santa Misa Solemne cantada pola coral do Sportivo.
12:30 h. Procesión do Corpus Christi acompañada pola Banda de Cornetas y Tambores de Coronación de Espinas de Córdoba.
19:00 h. Desfile de carrozas con acompañamento musical. Rúas do centro urbano
22:00 h. Actuación do grupo Origen. Praza de Bugallal
23:30 h. Actuación do grupo América. Praza Maior
00:00 h. Lanzamento de fogos artificiais.
- LUNS 23** 12:00 h. Actividade infantil "A bailar" con Animar-L. Xardíns do Concello
17:00 h. Inchables. Praza do Concello
18:00 h. Santa Misa por todos os Alfombristas falecidos
20:00 h. Ofrenda floral in memoriam. Monumento aos alfombristas
20:30 h. Acto de entrega de medallas de Corpus Christi coa actuación da banda de Gaitas "os Zoqueiros". Auditorio Reveriano Soutullo
22:00 h. Actuación da orquestra Tango. Praza de Bugallal
23:30 h. Actuación da orquestra Miramar. Praza Maior
- MARTES 24** 12:00 h. Entrega de premios do II Concurso de Balcóns floridos. Salón de Plenos

ACTIVIDADES RELIXIOSAS

- DOMINGO 22** 08:30 h. Santa Misa
10:00 h. Santa Misa
11:30 h. Santa Misa Solemne
12:30 h. Procesión de Corpus Christi
20:00 h. Santa Misa
- LUNS 23** 18:00 h. Santa Misa por todos os alfombristas falecidos
- DO 23 AO 29** Oitava do Corpus Christi
19:00 h. Exposición solemne e adoración do Santísimo
20:00 h. Santa Misa da Oitava

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

- DOMINGO 15** 5º aniversario club LEAM. Pavillón Álvaro Pina
- SÁBADO 21** II TRITEA CD DELIKIA. Campeonato Xunta de Galicia de Triatlón Super Sprint Cd/xv/3n y Triatlón de menores (bx/al/in). A Freixa
- DO 28 AO 5 DE XULLO** Torneo de tenis Vila do Corpus. A Freixa. Organiza Club de Tenis de Ponteareas



Puza - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalia de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874



Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
grupoluco@covelo.cc
986 644 036
www.covelo.cc



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
milfollas@mundo-r.com

XXXI edición do “Curro do Pedroso”

O Alcalde da Cañiza, Luís Piña e a Asociación Cabalar Pedroso de Ribadil presentaron a XXXI edición do Curro do Pedroso, festa popular galega que se celebrará o 10 de agosto. O acto simbólico constitúiu co “Izado da Bandeira” no Pedroso, á 1.073 metros de altura e a participación de “Bruxo Queiman” como mestre de cerimonia na centenario Carballeira do Cacharado. Nesta xornada tamén se fixo entrega do “Ferro”, útil ven-



cellado ao Curro dende os seus orixes e que representa a identidade dos animais e a propiedade dos mesmos.

Brigada de obras do “Plan +Provincia 2025”



O Alcalde da Cañiza, Luís Piña, reuniuse cos 10 empregados seleccionados a través do “Plan +Provincia 2025” da Deputación de Pontevedra, destinados a realizar labores de conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, por un período de seis meses.

O tribunal calificador estivo constituído por persoal dos Concellos de As Neves, Covelo, Crecente e Mondariz e o normalizador lingüista do Concello da Cañiza. O Concello achegou 2.858,76€ de fondos propios dunha convocatoria de 121.658,75€, subvencionados por este plan.

II Campionato Galego de Roller Freestyle Street

A pista do skatepark da Cañiza foi escenario do II Campionato Galego de Roller Freestyle Street 2025, organizado pola Federación Galega de Patinaxe en colaboración co club Unity Blading Club. O evento conseguiu congrega a 3 clubs de Ourense e 1 de Vigo, con máis de 35 patinadores e patinadoras nas categorías Mini mixta, SUB 15 feminina, SUB 15 masculina, SUB 19 feminina, Senior masculina) e Máster.



A Feira do Xamón, protagonista do Verán cultural

Cañiza presentou a súa programación cultural e deportiva para este verán 2025, onde a 59ª edición da Feira do Xamón ten un protagonismo especial a celebrarse o 15 de agosto, na Carballeira do Cacharado e que contará co tradicional Concurso Nacional de Cortadores de Xamón, master class e actuacións musicais.

A programación de verán, que será de xuño a setembro con máis de 60 actividades, terá actuacións



da Banda de Gaitas de Paramostui, o Campionato Galego de Aeromodelismo “F3F de Voo en Ladeira de planeadores”, andainas, exhibicións de patinaxe e taekwondo, torneos de fútbol e ba-

lonmán, xuntanzas moteiras e actividades organizadas por clubs e asociacións locais, o Curro do Pedroso, os correbares coa Asociación ASCULCA, a Romaría da Franqueira e a Festa do Cristo da Agonía.

Reforzamento do departamento de Urbanismo

O pleno da Corporación Municipal da Cañiza tratou como punto destacado da orde do día a modificación contractual da praza de arquitecto técnico, co obxectivo de reforzar o funcionamento do Departamento de Urbanismo

ante a crecente evolución e complexidade das tarefas. Actualmente, este posto figura na plantilla de persoal como laboral fixo a tempo parcial cunha dedicación de 16,5 horas semanais, polo que se pretende aumentar a 23,5 horas.

“A Pachanga na rúa”

O Concello da Cañiza presentou a segunda edición do campionato deportivo “A Pachanga na Rúa” a celebrarse do 4 ao 6 de xullo, unha iniciativa organizada pola Comisión de Festas de Oroso en colaboración co propio Concello

e coa participación da Asociación de Comerciantes da Cañiza. Os premios en metálico serán de 550€ aportados polo Concello así como as medallas para todos os participantes nas modalidades A e B de infantil (Minipachangueiros) e os trofeos da final.

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

aceroplus
impresión digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB

986 66 03 61
604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julio.perezgiraldes@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

CONDADO/PARADANTA

BNG: “Xosé Represas é semente de futuro para volver á Alcaldía en 2027”

O BNG celebrou un acto de homenaxe á figura de Xosé Represas, quen foi alcalde da vila e un referente da política local galega. A intervención principal correu a cargo de Cristina Fernández Davila, compañeira de Represas e actual líder do BNG en Ponteareas, quen definiu ao exalcalde como unha “semente de futuro” e afirmou que o seu legado será clave para lograr a alcaldía nas eleccións municipais de 2027..

A homenaxe contou tamén coa participación da senadora Carme da Silva, que interveu en nome



da Executiva Nacional do BNG destacando a relevancia de Represas na historia do nacionalismo galego. Ademais da familia, tamén tomaron a palabra representantes de movementos veciñais. O acto,

que coincidiu no ecuador do mandato municipal, serviu tamén para facer balance da situación municipal e expresar a preocupación polo rumbo que segue o actual goberno local.

30 aniversario da entrada do BNG no Concello

Case medio cento de militantes e simpatizantes, coa adhesión doutros 30 que non puideron asistir, celebraron o pasado 24 de maio un xantar para lembrar o 30 aniversario da entrada do BNG no Concello de Ponteareas.

O candidato do BNG nas eleccións de 1995, Roberto Mera, reivindicou “a nosa propia historia, os nosos méritos e logros acadados



co noso esforzo” insistindo en que “Ponteareas non se pode entender sen o que fixemos o ano 1990”, coa creación do Grupo Ecoloxista Adenco e a “loita de David contra Goliath” contra o entón Alcalde Pepe Castro. No acto tamén se lembrou ao primeiro alcalde do BNG, Xosé Represas, coincidindo co cuarto cabodano do seu pasamento.

Exame de palista con camiión de bombeiros

O concelleiro nacionalista Xosé Carlos Vázquez cuestionou publicamente a decisión do goberno municipal de empregar un camiión de bombeiros para a realización da proba práctica correspondente á praza

de condutor palista porque “pode provocar desigualdade entre aspirantes e mesmo comprometer a xustiza do proceso selectivo” co uso dun vehículo “con características e finalidade claramente distintas”. O BNG pedirá explica-

cións ao goberno de Nava Castro sobre a decisión tomada e esixe que se adopten medidas para garantir a transparencia e a adecuación técnica dos procesos selectivos.

Problemas co novo programa de xestión do padrón

A líder dos nacionalistas ponteareáns, Cristina Fernández Davila, alertou sobre os problemas que están cau-

sando na veciñanza a decisión do goberno local de mudar o programa de xestión do padrón municipal de habitantes sen a pre-

visión nin a planificación necesaria. Anunciou que pedirá explicacións ao goberno sobre os cambios neste servizo.

CanSurGal destaca na Liga Galega de Mushing



A unidade Cinolóxica G.B.R CanSurGal de Ponteareas acadou o 3º posto na liga Galega de Mushing na modalidade de canicross categoría DCMV. Nesta proba, organizada pola Federación Galega de De-

portes de Inverno, Félix Bravo, integrante de CanSurGal, xunto co seu can Rocky amosaron as súas habilidades en canicross, unha modalidade deportiva dentro da categoría de mushing (cans de tiro).

Formación en saúde mental

Os bombeiros de Ponteareas recibiron formación en saúde mental co equipo de profesionais da Asociación Aveláña Saúde Mental dentro do Programa Conecta coa Vida de prevención de condutas suicidas. Esta formación está di-

rixida a profesionais dos corpos de bombeiros, Garda Civil, Policía Local, Nacional e calquera outro grupo de emerxencias e atención sociosanitaria. Ao longo de mes de maio a Asociación Aveláña levou a cabo outras edicións deste taller.

Sara Vázquez representará á mocidade ponteareán



A mocidade de Ponteareas volverá estar presente no Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia (CAIA), grazas á incorporación de Sara Vázquez, que toma o relevo de

Juan Vázquez como representante local neste espazo de participación. Os novos membros do CAIA reuníronse co director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey.

viveiros canedo
CENTRO DE XARDINERÍA

Rúa Real, s/n - N-120 Telf. 986 669 960
Km. 645,5 info@viveiroscanedo.com
Ponteareas - Pontevedra www.viveiroscanedo.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

VENTA DE PLANTAS

DISTRIBUIDOR OFICIAL **Alona**

CIMEROUCE Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

0 Colexio Santiago Apóstolo premiado en concurso de relatos

Gabriel Melón, do colexio Plurilingüe Santiago Apóstol de Pontearreas, foi galardoado na categoría provincial na entrega de premios da 16ª edición do Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto de Galicia, patrocinado pola Xunta. A gañadora autonómica foi Gabriela Villada, do colexio Manuela Rial Mouzo de Cee, na Coruña.



Xuventude Mentoring alcanza un 50% de inserción

A directora xeral de Xuventude da Xunta, Lara Meneses, foi a encargada de darlle a benvida aos doce participantes da segunda edición do programa Xuventude Mentoring, que iniciaron a súa andaina tralo éxito alcanzado na primeira edición, na que conseguiu un 50% de inserción laboral, contratados para seguir traballando nas empresas onde realizaron as súas prácticas.

Esta segunda edición ofrecerá un contacto laboral nos sectores



das enerxías renovables, téxtil, da información e comunicación e automoción, naval, tecnoloxías madeira/forestal.

Ecocelta homenaxea ao ambientalista Francisco Peña

No marco do Día do Ambiente celebrado este 5 de xuño, a empresa ponteareán Ecocelta Galicia S.L, líder en compostaxe e biofertilizantes, realizou unha homenaxe ao científico ecoloxista Francisco José Peña Castiñeira, Fillo Predilecto de Pontearreas e tamén colaborador do noso xornal, coa mención honorífica como Primeiro Embaixador de Resiliencia Ambiental.

O acto contou coa presenza do fundador e actual Director Xerente de Ecocelta, Sergio Quiroga, ademais da Alcaldesa Nava Castro, do Tenente de Alcaldesa Juan Carlos Carrera, da concelleira de Medio Ambiente Silvia Fernández Táboas



e do ex Alcalde José Castro, entre outras personalidades. Nun emocionado discurso, Peña lembrou a súa vocación ambientalista con iniciativas como as primeiras xornadas de Medio Ambiente realizadas en Pontearreas en 1996, un evento pioneiro en Galicia nesta materia. Toda vez, Quiroga, emigrante da súa natal Arxentina con raíces ponteareás, ofreceu unha traxectoria dos 22 anos de existencia de Ecocelta así como dos seus proxectos en marcha.

Multideporte e Escola de Verán en Covelo



O Concello de Covelo pon en marcha dúas actividades educativas e de lecer destinadas á infancia e xuventude do municipio: o VIII Campus Multideporte 2025, a celebrarse do 23 ao 30 de xuño con idades comprendidas entre

os 6 e 15 anos; e a Escola de Verán 2025 (xullo e setembro), para nenos e nenas de 3 a 12 anos. Dúas iniciativas financiadas polo Plan +Provincia 2025 da Deputación de Pontevedra, a Xunta, o goberno estatal e a UE.

IX Plan de Formación para o Emprego

O Concello de Covelo vén de pechar a primeira fase do IX Plan Municipal de Formación para o Empregocon seis accións formativas: Acompañante de transporte escolar e monitor/a de comedor; Técnicas de almacén; Limpeza

industrial; Manipulación de alimentos e alérxenos; Inglés xeral aplicado ao comercio e turismo; Operador/a de carretilla elevadora. A iniciativa continuará coa segunda fase despois do verán, incorporando novas accións formativas.

Máis seguridade para o Cemiterio de Casteláns

O Concello de Covelo ven de rematar as obras de melloras no cemiterio municipal da parroquia de Casteláns. Consistiron na cubrición da totalidade dos panteóns que presentaban numerosas filtracións de auga, na instalación de recollidas de augas, mellora das drenaxes e o acondicionamento de aseos pú-

blicos adaptados. A obra foi financiada con cargo ao plan +Provincia 2024 da Deputación Provincial por importe de 25.952,59 €. Esta actuación enmárcase dentro do plan de mellora de instalacións e adaptación á normativa dos cemiterios municipais de Piñeiro, Barcia de Mera, Covelo, Santa Mariña, San Salvador de Prado e Casteláns.

PUB - CAFETERIA - TERRAZA

the best beer

Yago's

english pub

Mondariz- Bañeario

Café Chocolat

Mondariz Bañeario

LOURIÑA

Plan de limpeza estival

O Concello de Mos iniciou na Avenida de Sanguineda o plan de limpeza estival de co mantemento de beirarrúas, mellora de mobiliario urbano e pintado do pavimento, onde ademais da limpeza con hidrolimpadora ou disco das beirarrúas, prevense tamén medidas de mellora nas mesmas ou no mobiliario urbano ata a zona do CEIP Mestre Valverde Mayo.

O servizo tamén se efectuará nas prazas do Pazo de Mos e do Concello, na zona peonil de Torroso, nas beirarrúas do Pavillón Óscar Pereiro, na entrada do Mul-



tiosos, nos cemiterios municipais de Mos e Torroso, nas beirarrúas de Cantín e noutras zonas de Peireiras, Tameiga, Petelos, Adro Ve-

llo, Capela de San Amaro, Guizán coa humanización da Estrada de Louriño, Torroso e o entorno da Igrexa de San Mamede.

Efecto illa de calor urbano

O Concello de Mos contará no Polígono Empresarial da Veigadaña cun espazo verde para atenuar o efecto illa de calor urbano coa intención de facer fronte aos impactos do cambio climático a escala local e aumentar a resiliencia do seu territorio ante os retos climáticos. O Concello destinará 52.283,51€, cunha subvención da Xunta dentro das axudas do programa Galicia Refuxio Climático, que ascende a



41.826,81€. O prazo de execución está pautado ata o 17 de novembro de 2025.

Juan Magán, actuación estelar da Festa da Rosa

O artista internacional Juan Magán será a estrela do concerto estelar da 52ª edición da Festa da Rosa, que se celebrará o vindeiro 13 de xuño no Pazo de Mos. Dentro dos Concertos do Xacobeo da Xunta, o produtor discográfico, DJ, compositor, letrista e cantante actuará de balde, como así anunciou a alcaldesa Nidia Arévalo, que estivo acompañada no acto de presentación do concerto do director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, entre outros. Os DJ's locais Traffic House e Samu Pexe acompañarán ao ar-



tista como teloneiros, no que promete ser un espectáculo que durará cerca de cinco horas.

Madrid coñeceu a Festa da Rosa de Mos

Alcaldesa Nidia Arévalo presentou na Casa de Galicia en Madrid a 52ª edición da Festa da Rosa de Mos, declarada de Interese Turístico de Galicia. Arévalo estivo acompañada de representantes de diversas asociacións e autoridades así como valedores desta festa como Ana Pastor, expresidenta do Congreso dos Deputados, e Javier Guillén, director de La Vuelta Ciclista España.

Durante o acto puxéronse en valor as raíces históricas e culturais da rosa como símbolo do



Concello, presente no seu escudo dende finais do século XVI. Toda vez, informouse que Mos volve ser este ano final de etapa de La

Vuelta, o próximo 9 de setembro no Castro de Herville, e continúa sendo punto destacado no Camiño de Santiago.

Renovación do saneamento na Gulpilleira

Un investimento de 340.000€ proveniente do remanente de Tesourería e aprobado en pleno municipal, o Concello do Porriño iniciou as obras de renovación das redes de saneamento, abastecemento e pluviais no lugar da Gulpilleira, para dar resposta aos graves danos provocados pola escorrentía de augas procedente da autovía A-52.

O proxecto, que afecta a vías



municipais como a rúa Gulpilleira, Antonio Palacios e Fernández Areal, inclúe a execución de novas redes de pluviais con colectores de gran capacidade, sumidoiros, reposición da rede de saneamento fecal, renovación do abastecemento e canalizacións para iluminación pública e telecomunicacións. Así mesmo, prevese a reposición do firme con materiais adaptados a cada tipo de vía e tramo.

Iván Caloto gaña o VIII Premio Roberto Vidal Bolaño

O Concello do Porriño participou na gala de entrega do VIII Premio Roberto Vidal Bolaño de Textos Teatrais, organizada polo IES Ribeira do Louro. Nesta edición o autor galardoado foi Iván Caloto coa súa obra "Os rapaces só se tocan para darse de hostias". A gala contou tamén con actua-



cións musicais do alumnado de Bacharelato de Música e coa representación da peza O bo veciño, do grupo de teatro do IES.

Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE

Conservas Orbe Zendal BM Porriño, subcampioa europea de balonmán

Centos de persoas reuníronse no Pavillón Municipal dos Deportes para render homenaxe ao Conservas Orbe Zendal BM Porriño, equipo feminino que fixo historia ao chegar á final da European Cup Feminina 2025, onde acadaron un meritorio subcampeonato europeo.

As xogadoras foron recibidas na Casa Consistorial nun acto institucional no que se lles fixo entrega das medallas do Centenario do Concello do Porriño por parte do alcalde, Alejandro Lorenzo. A capitana do equipo,



Sarai Samartín Lago, agradeceu o apoio da súa xente. Durante o acto tamén se anunciou que o

Conservas Orbe Zendal BM Porriño será o pregoeiro oficial das Festas do Cristo 2025.

BNG Porriño insiste no soterramento da vía de tren

Case un ano despois (xullo de 2024) da moción presentada polo BNG para a creación dunha comisión sobre a proposta do soterramento da vía do tren, o BNG do Porriño insiste na súa reclamación pero evitando que o mesmo “hipoteque o futuro urbanístico da vila”.

A iniciativa contempla que ADIF só valora soterrar a vía do tren nun tramo de 300m lineais, desde a actual estación do Porriño, limitándose a eliminar o paso a nivel. O BNG defende que o soterramento chegue, como mínimo, desde a propia estación até a entrada do Paseo



do Louro, superando o cruce coa rúa Xogo da Ola, gañando así unha gran superficie para uso público porque comunicaría o centro da vila co río e con Torneiros e eliminaríase a barreira artificial que a día de hoxe supón o paso do tren.

ACiENCiACERTA sobre o cambio climático

O Concello do Porriño levou a cabo a segunda edición de ACiENCiACERTA, a Mostra de Ciencias na Rúa, na que participaron, entre outros científicos, o meteorólogo Martín Barreiro e da divulgadora ambiental Ana Mariño.

A actividade celebrouse na Praza do Concello e contou coa asistencia do alumnado do IES Ribeira do Louro e do Colexio Hermanos Quiroga. O eixo temático central desta edición foi o cambio cli-



mático e os retos ambientais actuais. Tamén houbo charlas, obra-

doiros e o Concurso de Proxectos Científicos Escolares.

“Conecta e Lidera 2025” con ASICOTUR

O Concello do Porriño acolheu a visita institucional dunha ampla delegación de ASICOTUR (Asociación Internacional para a Cooperación Turística), que se despraza ao municipio no marco do congreso internacional “Conecta e Lidera 2025”, celebrado en Mondariz Balneario. A delegación está integrada por representantes de 17 países e forma parte dunha rede internacional presente en 37 estados e com-



posta por máis de 125 delegados e socios/os de honra, con forte presenza nos ámbitos hispano e lusófono.

0 Stonegal 2025 reconece o potencial porriñés

O Alcalde Alejandro Lorenzo recolleu a distinción do Concello co Premio de Recoñecemento Territorial na celebración da Stone Gala, acto central da feira internacional Stonegal 2025, dedicada á pedra natural, que tivo lugar na parroquia de Atios ante 300 asistentes, entre representantes institucionais e profesionais do sector. Este recoñecemento consolida ao Porriño como o motor económico e



territorial no sector do granito en Galicia e a súa contribución ao tecido industrial da pedra na-

tural, xerando preto de 4.500 empregos directos e indirectos, no marco do Clúster do Granito.

Asfaltado en Budiño

O Concello do Porriño deu comezo ao proxecto de repavimentación en cinco camiños da parroquia de Budiño: Mantelle, Vacaría, A Chan, O Casal e Cerquido. O obxectivo principal destas obras, que contan cun orzamento de

100.093,20 € (IVE incluído), financiados íntegramente coa subvención do Plan+Provincia2024 da Deputación de Pontevedra, é resolver o mal estado destes camiños municipais para mellorar a seguridade viaria.

Asesoría Técnica Agrícola
AGROITIS
 Telfs.:
 Oficina: 986 642 507
 Pancho: 616 940 394
 Cristina: 679 959 797
 Avda. Ciclista
 Dello Rodríguez nº4 baixo
 36860 Ponteareas
 agrovitis@agrovitis.es
 www.agrovitis.es

ZAPATERÍA
Ángeles Castro
 Telf: 986 640 242
 Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

TALIER
SALÓN
 Alfonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
 CITA PREVIA ☎ 986 641 579
 peluqueriataliermt@gmail.com

LOURINHA

O Caselas FC ascende á Primeira Futgal



O Caselas FC logrou o seu obxectivo tras alcanzar a vitoria do play off de ascenso a Primeira Futgal logo dun emocionante encontro contra o C.D Bueu.

Concello cardioprotexido

Salceda deu un paso adiante para converterse nun Concello cardioprotexido a través do programas de formación á veciñanza para a dotación de DESAs (Desfibriladores Externos SemiAutomáticos) contando coa colaboración das Asociacións de Montes d das sete parro-

quias. O goberno municipal quixo agradecer á médica Estela Simón, natural de Ponteareas e veciña de Salceda, quen será a persoa encargada de impartir estes obradoiros de primeiros auxilios, razón polo que o programa leva o seu nome.

Os sons da Escola de Música



Dirixidos polos mestres Diego Vila e Miguel Ángel Mendizábal, o/as alumno/as das Aulas de Instrumentos Musicais da Escola de Música de

Salceda deleitaron aos vecinos cunha serie de interpretacións musicais na rúa que permiten dar a coñecer o seu traballo.

Nova estrutura no lavadoiro de Fontán



Alcaldesa Loli Castiñeira e a concelleira de Formación e Emprego Selene González visitaron o espazo do lavadoiro de Fontán xunto co alumnado do obradoiro de carpintería, que foi

o encargado de colocar esta nova estrutura no teito trala retirada da antiga placa en mal estado, dando así resposta así a unha demanda da asociación veciñal da parroquia.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 50
633 60 12 57
josefuis.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abrales Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
36400 - O Porriño (Pontevedra) abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURÍA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

“Aula Século XXI” contra as “adiccións dixitais”

O Concello de Salceda vén de botar a andar “Aula Século XXI”, un novidoso proxecto que consiste no acompañamento psicolóxico contra as denominadas “adiccións dixitais” para menores de entre 6 e 17 anos de idade. A profesional apoia, orienta e asesora á poboación infanto-xuvenil con diversas Os servizos sociais comunitarios e o equipo directivo e de orientación do CEP Altamira e do IES Pedras Rubias traballan da man para a derivación da rapazada que máis poida precisar deste servizo. Esta iniciativa amplía a



oferta de atención á infancia como o Servizo de Logopedia e Pedagogía que atende actualmente a 25 menores de entre 6 e 12

anos de idade; e o Servizo de Atención Temperá que atende actualmente a 90 familias.

Concello e Xunta amplían a rede de saneamento

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e a alcaldesa de Salceda, Dolores Castiñeira, asinaron un convenio de colaboración para ampliar a rede de saneamento na localidade por preto de 800.000 euros, previsto a rematar en 2026.

A actuación consistirá na execución dunha rede de saneamento no núcleo de Cerquido, que suporá a construción de tres tramos de colectores de preto de 1,13 quilómetros en total. O obxectivo é



recoller as augas residuais de preto dun cento de veciños desa contorna da parroquia de Santo

Estevo de Budiño, así como de dúas áreas industriais do parque empresarial de Salceda de Caselas.

0 “hotel de insectos” na TVG

O programa da TVG 'Hora Galega' visitou Salceda para coñecer un pouco máis sobre o “hotel de insectos”. O concelleiro de medio ambiente Marcos Troncoso e a enxeñeira de montes Carla Pérez, explicaron un pouco máis acerca desta iniciativa, e sobre o que implica a perda de insectos no noso medio.



Campamentos de verán en Salceda e Salvaterra



As Alcaldesas de Salceda, Loli Castiñeira, e de Salvaterra, Marta Valcárcel, informaron que veñen de recibir unha subvención de 17.820,20€ da Xunta que lles vai permitir ofrecer 240 prazas gratuítas para os campamentos de verán entre ámbolos dous Concellos repartidas nos meses de xullo e agosto.

Salceda destinará esas prazas a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos, mentres que no caso de Salvaterra irán destinadas a rapazada de entre 10 e 16 anos. Nos dous Concellos daráselle prioridade ás familias en situación de especial vulnerabilidade con menores a cargo.

Mercado Patas Arriba



O Concello de Salceda celebrou os días 7 e 8 de xuño a primeira edición do Mercado Patas Arriba, un evento solidario y de lecer en apoio aos animais organizado pola Asociación Gatopía Salceda con outras entidades como Tú

Eres Nuestra Ayuda, Patudos Peludos, Protectora de Animais do Morrazo, Asociación de Rescate Animal Ohana, Gatiños da Rúa, Colonias Canguesas, Cañiza Felina e Aloia Protectora de Animais de Tui.

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmg@hotmai.com

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@gruposalong.com www.gruposalong.com

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684 C/. Cando, 15 O PORRIÑO

986 642 719 C/. Alcalde Daniel Ojea, 10 PONTEAREAS

Estreo de "Lume", serie galego-portuguesa

O novo Festival Internacional de Series Ría de Vigo acolleu a estrea en exclusiva da serie galego-portuguesa Lume, que poderá verse a partir do 19 de xuño nas televisións públicas de Galicia e Portugal, así como na plataforma Max. A compañía galega Setemedía recibiu unha subvención da Xunta de máis de 240.000€ para coproducir coa lusa Coral Europa este thriller xornalístico protagonizado por Cristina Castaño e Albano Jerónimo.

Creada por Irene Pin, quen asina o guión xunto a Sara Rodi, Lume desenvolverá durante seis episodios a historia dunha in-



vestigación xornalística sobre incendios forestais, rodada de xeito simultáneo en Galicia, con localizacións na Estrada, Cuntis, Dodro

e Rois, e Portugal. A actriz galega Cristina Castaño e o portugués Albano Jerónimo protagonizan esta serie.

Mondariz Balneario pide recuperar a fonte de Troncoso

A plataforma cívica SOS Troncoso realizou unha concentración para esixir á Xunta que cumpra co compromiso adquirido en 2021 de recuperar a antiga fonte de Troncoso, prometendo unha axuda de 500.000€. O colectivo presentou un manifesto esixindo que esta problemática sexa abordada en pleno municipal.

O inmóbel obra do arquitecto Antonio Palacios presenta un alto estado de deterioro principalmente dende o derrube da cuberta do pavillón de granito en 2019 e do robo da barandilla e outros actos



de vandalismo en 2021. En 2023 o arquitecto César Portela iniciou

as obras de recuperación que non tiveron continuidade.

"Pontevedreses do ano"



O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e da Deputación, Luis López, enxalzarón a contribución dos gañadores da XVIII edición dos premios "Pontevedreses do Ano", que entrega o xornal Diario de Pontevedra, para construír unha cidade e unha provincia de Pontevedra "global". Nesta

edición foron distinguidos con este galardón a piragüista Antía Jácome e o urólogo Manuel Ruibal, así como a Asociación de Amigos de Pontevedra (Asampo), a Coral Polifónica de Pontevedra, Zapaterías Krack. O premio de honra concedéuselle ao pintor Rafael Úbeda.

O legado dos pobos viquingos



O Museo do Mar de Vigo inaugurou a mostra Viquingos. Unha ollada desde Galicia, exposición con carácter internacional que ata o 28 de setembro permitirá descubrir a pegada que deixaron na nosa cultura as incursións dos

pobos nórdicos entre os séculos IX e XII. A mostra reúne 75 pezas como moedas, lámpadas, ferramentas, utensilios, xoias e armas de barcos viquingos procedentes de museos e institucións de Suecia, Galicia e Andalucía.

PFC Condado

+55
Pompas Fúnebres
del Condado
20 de setembro 2024

Gracias

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO